

Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027


XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE
INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (Issga)

issga.xunta.gal

Santiago de Compostela, setembro, 2023

Deseño e Maquetación:
Ambrós Comunicación



© Issga. Xunta de Galicia

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón: issga.xunta.gal

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons.

Para ver unha copia da licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027





PRESENTACIÓN	11
MISIÓN	15
PRINCIPIOS INFORMADORES DE CARÁCTER TRANSVERSAL	17
PI 1 PRINCIPIOS DA ACCIÓN PREVENTIVA	18
PI 2 PERSPECTIVA DE XÉNERO E IGUALDADE LABORAL	20
PI 3 PRIORIDADE DE ACTUACIÓNS DESTINADAS A PEMES	22
PI 4 PROMOCIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO AUTÓNOMO	23
PI 5 PARTICIPACIÓN DOS INTERLOCUTORES SOCIAIS	24
PI 6 REDE DE ALIANZAS	25
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	27
OE 1 REFORZAR O COMPROMISO, A ESPECIALIZACIÓN TÉCNICA E A PARTICIPACIÓN EN MATERIA DE SST	28
1.1 Fixar como prioridade na axenda política a SST nunha etapa de profunda transformación socio-laboral	28
1.2 Impulsar as canles de participación activa cos axentes sociais para incrementar a calidade das actuacións no eido preventivo nos lugares de traballo	29
1.3 Consolidar o papel do Isga como órgano técnico de referencia en PRL e promoción da saúde no traballo	30
OE 2 MELLORAR A CALIDADE DA XESTIÓN PREVENTIVA PARA REDUCIR A SINISTRALIDADE LABORAL	32
2.1 Identificar como clave na organización preventiva os servizos de prevención para que poidan incrementar a calidade das súas actuacións nas empresas	32
2.2 Incrementar a calidade das actuacións preventivas para reducir os accidentes de traballo	33
2.3 Incrementar a calidade das actuacións preventivas para reducir as enfermidades profesionais e relacionadas co traballo	34
2.4 Avanzar cara a unha protección máis eficaz dos riscos psicosociais e ergonómicos	36
2.5 Intensificar as actuacións de prevención na exposición a substancias e axentes perigosos	37
2.6 Protección eficaz das persoas traballadoras no camiño cara a un futuro sen amianto	38



OE 3 AFRONTAR OS RISCOS LABORAIS DERIVADOS DOS NOVOS ESCENARIOS NO TRABALLO	39
3.1 Xerar coñecemento técnico para a prevención dos novos riscos e así evitar futuros danos para a saúde da poboación traballadora	39
3.2 Avanzar cara a unha protección eficaz a través dunha adecuada xestión dos riscos derivados da nova realidade laboral	41
OE 4 ATENDER AS NECESIDADES DOS COLECTIVOS QUE PRECISAN DUNHA ESPECIAL PROTECCIÓN POLA SÚA VULNERABILIDADE, OS SEUS RISCOS OU A SÚA SINISTRALIDADE	43
4.1 Reforzar a protección das persoas traballadoras consideradas especialmente sensibles e dos colectivos vulnerables	43
4.2 Intensificar as actuacións dirixidas a sectores e actividades con riscos especiais ou elevada sinistralidade	45
4.3 Impulsar accións para unha efectiva integración da seguridade e saúde no traballo no emprego autónomo	46
OE 5 XERAR E COMPARTIR COÑECAMENTO ESPECIALIZADO EN PRL A TRAVÉS DA SENSIBILIZACIÓN, O ASESORAMENTO TÉCNICO E A FORMACIÓN	47
5.1 Fortalecer a formación e información técnica. Impulsar a visión práctica na formación específica en PRL	47
5.2 Promover a concienciación e sensibilización en materia de seguridade e saúde laboral en todos os ámbitos da sociedade galega	49
5.3 Participación institucional no ecosistema de PRL e PST	50
OE 6 POTENCIAR ACCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE NO TRABALLO E A CONSECUCIÓN DO BENESTAR LABORAL	51
6.1 Introducir e consolidar progresivamente a cultura do benestar laboral a través dunha visión integral da saúde	51
6.2 Impulsar programas e proxectos para o coidado da saúde mental e o benestar emocional nos lugares de traballo	52
IMPLEMENTACIÓN E SEGUIMENTO DA ESSTG27	53
ANEXO: EVOLUCIÓN DA SINISTRALIDADE LABORAL EN GALICIA	57



PRESENTACIÓN

A Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027 (ESSTG27) constitúe o instrumento a medio prazo para desenvolver de forma ordenada e eficaz as políticas do Goberno galego en materia de prevención de riscos laborais (PRL) e promoción da saúde no traballo (PST). Esta planificación adóptase co máximo consenso cos interlocutores sociais polo convencemento de que unha materia de tanta sensibilidade debe ser abordada no marco do diálogo social.

Para todos os implicados no mundo das relacións laborais existe unha meta común que é a redución da sinistralidade laboral a través da mellora da xestión preventiva dos riscos nos lugares de traballo, así como dar a adecuada resposta aos novos desafíos nun momento de especial dinamismo e transición que afectan ao noso traballo.

Este marco estratéxico de seguridade e saúde no traballo (SST) contempla liñas de actuación que responden non só ao ámbito obrigatorio da PRL senón que avanza na PST, evidenciando un salto cualitativo cara á consolidación da cultura do benestar laboral.

Afondando tanto no compromiso da Xunta de Galicia como na implicación e participación activa dos axentes sociais, esta estratexia elabórase nun grupo de traballo no seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral (CGSSL), como órgano de participación institucional da Xunta de Galicia cos axentes sociais en materia de PRL, que encomenda ao Instituto de Seguridade e Saúde laboral de Galicia (Issga), como órgano técnico-científico na materia, a elaboración dun primeiro borrador ao que se foron incorporando as achegas de todas as organizacións sindicais (CIG, S.N. CCOO de Galicia e UGT-Galicia) e da organización empresarial (CEG), dando como resultado final un documento de traballo compartido e de consenso.



O tempo no que se inicia a negociación desta estratexia galega vén dado pola aprobación da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo (EESST) 2023-2027, na que Galicia asumiu un papel activo en representación das restantes CCAA, e que traía causa do Marco estratéxico da UE en materia de saúde e seguridade no traballo 2021-2027. Ambos instrumentos de planificación son fontes de información da estratexia galega.

Asemade, téñense en conta as directrices xerais do Goberno galego vinculadas co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, contribuíndo aos obxectivos estratéxicos do Eixe 1 "O reto demográfico": OE 1.1.1 relativo á mellora da empregabilidade mediante o fomento da formación e a igualdade de oportunidades e OE 1.1.4 sobre a consolidación dun marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favoreza a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, mediante o desenvolvemento das distintas estratexias, axendas e plans relacionados con estas materias.

As actuacións e medidas aliñáronse tamén con outras estratexias e plans en materias fundamentais como a saúde mental, a igualdade de homes e mulleres, o cancro laboral, o cambio climático e a dixitalización, entre outras, e ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) desde a SST, en concreto, contribuír en especial á consecución do ODS3 Saúde e Benestar, intentando reducir substancialmente o número de mortes e enfermidades producidas por produtos químicos perigosos e impulsando a PST, do ODS8 Traballo Decente ao promover un entorno de traballo seguro e sen riscos e do ODS5 Igualdade de xénero, integrando a perspectiva de xénero na PRL.



Para o deseño desta estratexia foi necesario analizar e contemplar diversos aspectos de vital importancia que conforman a nosa realidade produtiva e peculiaridades a ter en conta:

- A análise do cumprimento da estratexia galega de SST 2017-2020 prorrogada ata a entrada en vigor da seguinte.
- A evolución da sinistralidade laboral que se resume no anexo deste documento e que visualiza a necesidade de seguir mellorando e compartindo esforzos cara a unha meta común de redución dos accidentes de traballo (AT) e enfermidades relacionadas co traballo a través dunha mellora da xestión da PRL nos lugares de traballo.
- A necesidade de analizar e dar resposta a novas tendencias da sinistralidade laboral, como son o impacto dos accidentes non traumáticos e a crecente incidencia dos factores psicosociais, o que nos obriga a ter unha visión integral da saúde das persoas traballadoras.
- A actuación prioritaria e preferente naqueles sectores que polos seus riscos ou pola súa sinistralidade precisen especial atención, así como incidir na solución dos riscos e actividades con tradición na nosa comunidade autónoma.
- As novidades técnicas e normativas en constante evolución que afectan ás distintas disciplinas preventivas.
- A maioritaria presenza no tecido empresarial galego de pemes e micropemes nas que existe unha especial dificultade na integración da PRL e unha excesiva externalización da xestión preventiva por mor da súa escasa estrutura, debendo impulsar por parte da Administración a utilización dos recursos propios para incrementar a calidade das actuacións preventivas destas empresas.
- O incremento de actuacións dirixidas a acompañar e integrar a cultura preventiva nos colectivos máis vulnerables e no traballo autónomo.
- O contexto de transformación derivada das grandes transicións ecolóxica, social e dixital, cando camiñamos cara a un futuro diferente, no que as distintas formas de mobilidade, de vivir ou de consumir do conxunto da cidadanía están cambiando tamén os empregos.



Esta estratexia céntrase nas persoas e incide a través da consecución progresiva do benestar laboral nun aumento da produtividade económica e social do noso tecido empresarial, abordando tanto os riscos tradicionais como os emerxentes que teñen unha especial importancia nun momento de transformación do mundo do traballo. Deste xeito, inclúense actuacións e medidas específicas ante os novos riscos derivados da evolución demográfica, tecnolóxica e as novas formas de organización do traballo, con especial foco nos riscos psicosociais, así como os derivados do envellecemento da poboación traballadora, a dixitalización, o teletraballo, o emprego verde e a transición xusta. As enfermidades profesionais (EP) mantéñense nun primeiro plano, como tamén outros danos que incrementaron a súa incidencia, por exemplo, os causados por trastornos musculoesqueléticos (TME) e as patoloxías non traumáticas derivadas do traballo. Adicionalmente, abórdanse novos desafíos orixinados tras a pandemia pola COVID-19, e que tratan de colaborar coas medidas de saúde pública.

En resumo, esta estratexia caracterízase pola súa natureza integral, atende a todas as disciplinas preventivas, é transversal, destínase á totalidade do traballo en Galicia e está participada activamente polos axentes sociais; contempla unha mirada posta na nova realidade económica e asume como principio informador a perspectiva de xénero cara a unha igualdade laboral e unha sociedade máis equitativa.

Elena Rivo López

Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade,
e presidenta do Instituto de Seguridade e Saúde
Laboral de Galicia



MISIÓN

Este marco estratéxico ten como misión avanzar na consolidación da calidade do emprego, incidindo na creación de contornos de traballo seguros, saudables e sostibles, que teñan como valor fundamental a saúde integral das persoas traballadoras, o crecemento económico e social das empresas e organizacións e, en definitiva, lograr un verdadeiro estado do benestar que teña como centro as persoas.

A estratexia contempla uns principios informadores de carácter transversal e, polo tanto, de aplicación a todas as súas liñas de actuación e seis obxectivos estratéxicos que ordenan as prioridades e sinalan as metas a alcanzar nun contexto de transformación do mercado laboral e co convencemento da necesaria implicación de todos os axentes que operan nas relacións laborais.





PRINCIPIOS INFORMADORES DE CARÁCTER TRANSVERSAL

Son principios que informan esta estratexia que, por ter un carácter transversal, teñen presenza en todas e cada unha das medidas recollidas nas liñas de actuación para a consecución dos obxectivos estratéxicos.

- PI 1 PRINCIPIOS DA ACCIÓN PREVENTIVA
- PI 2 PERSPECTIVA DE XÉNERO E IGUALDADE LABORAL
- PI 3 PRIORIDADE DE ACTUACIÓNS DESTINADAS A PEMES
- PI 4 PROMOCIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO AUTÓNOMO
- PI 5 PARTICIPACIÓN DOS INTERLOCUTORES SOCIAIS
- PI 6 REDE DE ALIANZAS



PI 1

PRINCIPIOS DA ACCIÓN PREVENTIVA

Son principios informadores, que proporcionan unha base sólida para a xestión efectiva da PRL nos lugares de traballo, os seguintes:

- Evitar os riscos.
- Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- Combater os riscos na súa orixe.
- Adaptar o traballo á persoa.
- Ter en conta a evolución da técnica.
- Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.
- Planificar a prevención, buscando un conxunto coherente que integre nela a técnica, a organización do traballo, as condicións de traballo, as relacións sociais e a influencia dos factores ambientais no traballo.
- Priorizar a protección colectiva sobre a individual.
- Formar, informar e dar as debidas instrucións ao persoal traballador.
- Fomentar a súa participación e consulta.



O primeiro principio da acción preventiva é a anticipación. Isto implica identificar e avaliar os posibles riscos laborais antes de que ocorran, a fin de tomar medidas proactivas para previlos e a actualización e mellora continua.

Outro principio é a integración da prevención en todos os niveis e actividades da organización, xa que debe estar presente na planificación, deseño de procesos, adquisición de equipos, formación do persoal traballador e en todas as decisións e accións cotiás.

A participación e consulta do persoal traballador é outro principio esencial na identificación, avaliación e control dos riscos. Ademais, a súa opinión e experiencia deben ser tidas en conta na toma de decisións relacionadas coa seguridade e saúde laboral.

En resumo, a acción preventiva baseada nestes principios non só cumpre coas obrigacións legais, senón que tamén contribúe a unha cultura de prevención e promove un ambiente laboral máis produtivo e satisfactorio.





PI 2

PERSPECTIVA DE XÉNERO E IGUALDADE LABORAL

A integración da perspectiva de xénero e da diversidade na PRL é un principio fundamental para garantir a igualdade de oportunidades e a protección da SST, independentemente do seu xénero, da súa orientación sexual ou das súas características persoais. Esta integración non só é un imperativo ético e legal, senón tamén unha estratexia efectiva para mellorar a SST.

Aplicar a perspectiva de xénero na PRL é unha necesidade urxente debido á evidencia crecente de que os riscos laborais e as patoloxías causadas por eles afectan de maneira desigual aos homes e ás mulleres. Neste senso débese fortalecer o traballo desenvolto que afecta á protección do embarazo e a lactación natural ao tempo que se debe introducir esta perspectiva de xénero noutras condicións laborais a ter en conta. Isto implica considerar as diferenzas biolóxicas, sociais e culturais entre homes e mulleres, así como as desigualdades estruturais.

Para lograr este reto da integración da perspectiva de xénero na PRL, esta estratexia adopta un enfoque de xénero en todos e cada un dos seus obxectivos e liñas de actuación na procura de que se adopten medidas preventivas máis eficaces e acordes coas persoas traballadoras expostas. Sirvan como exemplo as propostas de adaptar os equipos de protección individual (EPI) ás características físicas das mulleres, con talles e formas anatómicas diferentes; proporcionar formación específica sobre os riscos laborais que lle afectan de maneira particular, como o acoso sexual ou a violencia no traballo; así como abordar un tratamento dos riscos derivados das novas formas de traballo desde esa perspectiva.



É importante continuar coa elaboración de estudos de saúde laboral en sectores altamente feminizados e cunhas peculiaridades que precisan de actuacións técnicas específicas.

Co gallo de poñer en valor a diversidade nas empresas, contribuír á integración de todos os colectivos loitando contra calquera forma de discriminación, acoso e violencia no ámbito laboral e, en definitiva, promover lugares de traballo inclusivos que garantan a saúde das persoas traballadoras, nesta estratexia recóllense liñas de actuación na procura de elevar o nivel de protección de colectivos específicos que precisan dunha maior axuda. Débese atender tamén á convivencia interxeracional mediante a incorporación do factor idade na xestión preventiva e o reforzo da protección, sobre todo fronte aos riscos psicosociais.

Temos o convencemento de que avanzar na igualdade e integrar a diversidade terá unha repercusión na mellora das condicións de traballo, na competitividade do noso tecido produtivo e nunha sociedade máis xusta.





PI 3

PRIORIDADE DE ACTUACIÓNS DESTINADAS A PEMES

A normativa de PRL e todos os marcos estratéxicos que a desenvolven son conscientes da necesidade de priorizar a axuda ás pequenas e medianas empresas (pemes) para mellorar as condicións de seguridade e saúde e favorecer a integración da prevención e a consolidación desta cultura na empresa. Polo tanto, é un principio transversal, que informa cada unha das actuacións desta estratexia, prestar unha axuda especial e adaptada ás súas necesidades específicas a este tipo de empresas, que ademais son maioritarias en Galicia.

As pemes adoitan enfrontarse a limitacións económicas e a unha estrutura organizativa máis reducida, o que pode dificultar a implantación de medidas preventivas adecuadas. Ademais, é común que unha mesma persoa asuma múltiples funcións ou tarefas, o que pode aumentar os riscos laborais e a carga de traballo. Por isto, esta estratexia contempla medidas específicas como facilitar asesoramento técnico especializado, deseñar ferramentas para as pemes, realizar campañas de información, oferta formativa en PRL, etc.

Esta estratexia contén liñas de actuación que intentan facilitar a integración da prevención nestas empresas e a asunción da xestión da PRL mediante recursos propios, conscientes de que isto redonda en beneficios tanto para o persoal traballador como para a empresa, incidindo sempre na consolidación dunha cultura preventiva a nivel de empresa e sociedade.

Así mesmo, promóvese unha xestión de riscos proporcionada e eficiente, adaptada ás súas necesidades e recursos. Isto implica facilitar o cumprimento normativo e progresivamente reducir a carga documental, permitindo que as empresas centren os seus esforzos na adopción de medidas preventivas concretas e que dean solución real aos seus problemas.

A estratexia recoñece que a progresiva mellora das condicións laborais nas pemes debe ser un reto que opere como factor clave para o benestar dos traballadores e traballadoras e o éxito das empresas. Co apoio e fortalecemento ás pemes en materia de SST contribúese a crear contornas de traballo máis seguras, saudables e produtivas en todo o territorio galego.



PI 4

PROMOCIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO AUTÓNOMO

A promoción da seguridade e saúde no traballo autónomo é un aspecto crucial para garantir o seu benestar e a súa calidade de vida. Aínda que o persoal por conta propia é responsable da súa propia actividade laboral, tamén enfronta riscos no seu traballo que se deben resolver desde o ámbito preventivo e desde a Administración débese incidir na mellora continua e progresiva da súa seguridade e saúde laboral.

Características como unha carga de traballo intensa, presións económicas e emocionais, etc. poden levar a un desgaste físico e mental que, ademais dos riscos tradicionais propios da súa actividade, xeren un aumento do estrés que pode derivar nun incremento dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais e relacionadas co traballo.

Este colectivo, que ademais agrupa moi diferentes traballos, está tamén exposto aos riscos emerxentes derivados das novas formas de traballo e o seu impacto na saúde.

Nesta estratexia debe incluírse o emprego autónomo como destinatario das actuacións de PST tendo unha visión integral da saúde e impulsando a adquisición de hábitos e estilos de vida saudables.

Ademais, é esencial proporcionar información e instrumentos específicos sobre a xestión dos riscos laborais. Isto implica brindar orientación sobre como identificar e controlar os riscos inherentes á súa actividade laboral, así como promover a adopción de boas prácticas de seguridade e prevención de accidentes.

Así mesmo, é importante fomentar a creación de redes de apoio e colaboración neste colectivo. Isto pode incluír a creación de comunidades en liña, grupos de discusión ou asociacións profesionais onde poidan compartir experiencias, obter apoio mutuo e acceder a recursos útiles. É importante que desde o ámbito da SST se establezan contactos continuos co movemento asociativo deste colectivo.

En conclusión, a promoción da SST do persoal autónomo é esencial para crecer nun emprego de calidade e require accións que fomenten o seu benestar laboral e así mellorar a sostibilidade dos seus negocios en todo o territorio galego.



PI 5

PARTICIPACIÓN DOS INTERLOCUTORES SOCIAIS

A participación do persoal empresario e traballador, a través das organizacións empresariais e sindicais máis representativas, na planificación, programación, organización e control da xestión relacionada coa mellora das condicións de traballo e a protección da seguridade e saúde dos traballadores no traballo é principio básico da política de PRL, a desenvolver polas administracións públicas competentes nos distintos niveis territoriais.

En Galicia este principio informador vese cumprido co deseño e consenso plasmado nesta estratexia que pon en valor o compromiso compartido pola Xunta de Galicia e os axentes sociais que se implican e participan activamente na elaboración deste marco estratéxico a través da creación dun grupo de traballo no seo do CGSSL, como órgano de participación institucional en materia de PRL, que encomenda ao Issga, como órgano técnico-científico na materia, a elaboración dun primeiro borrador ao que foron incorporando as achegas de todas as organizacións sindicais (CIG, S.N. CCOO de Galicia e UGT-Galicia) e empresarial (CEG), resultando un documento de traballo compartido e de consenso.

Neste texto tamén se contempla a participación activa dos interlocutores sociais na implementación, seguimento e avaliación da estratexia.

Debe facerse unha mención especial, tanto polo desenvolvemento de distintas medidas como pola proximidade coa empresa e co persoal traballador, aos gabinetes técnicos en PRL das organizacións empresariais e sindicais que se configuran como unidades especializadas que brindan apoio técnico e asesoramento nesta materia a través de profesionais expertos nas distintas especialidades preventivas. A comunicación frecuente con equipos que conforman estes gabinetes e o órgano técnico da Xunta de Galicia nesta materia (Issga) é fundamental para a mellora efectiva da cultura preventiva no noso tecido empresarial e para resolver problemas acotío desde o ámbito técnico.



PI 6

REDE DE ALIANZAS

Na SST é de vital importancia o traballo conxunto e compartido, a través da creación de redes e alianzas entre diversos actores implicados nesta materia como poden ser as universidades, as asociacións profesionais da PRL e as asociacións científicas.

A Administración pública debe desempeñar un papel clave na procura dos aliados necesarios que completen a súa actuación e que permitan achegar o coñecemento e as actuacións a desenvolver ao colectivo que agrupan, singularmente ás asociacións profesionais da PRL.

As universidades e as asociacións científicas son importantes aliados a ter en conta polo órgano técnico de SST da Xunta de Galicia porque tamén desempeñan un papel importante en distintos campos da PRL, da PST ou materias afíns. A investigación científica neste campo proporciona evidencia e coñecementos actualizados sobre os riscos laborais e as mellores estratexias de prevención. A colaboración entre asociacións científicas, universidades e outros actores da PRL facilita a transferencia de coñecementos e a promoción da investigación aplicada, impulsando a mellora continua.

As asociacións profesionais da PRL reúnen a profesionais que traballan habitualmente neste ámbito, polo que poden facilitar intercambiar coñecementos, compartir experiencias e contribuír ao desenvolvemento de mellores prácticas. A colaboración con estas asociacións permite unha difusión máis efectiva de información e ferramentas de prevención, así como a promoción da formación continua dos profesionais da prevención. Débese resaltar a necesidade de reforzar os contactos e a comunicación coa Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais (SGPRL), a Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (APROSAL), a Sociedade Galega de Medicina do Traballo (SOGAMETRA) e a Asociación de Enfermería do Traballo de Galicia (AETGA). Todo isto sen prexuízo doutras entidades, asociacións, colexios profesionais, clústers de actividade, etc. que por razón do seu traballo ou coñecemento poida ser de interese contar coa súa alianza.

En resumo, traballar en conxunto, compartindo coñecementos, recursos e boas prácticas, é clave para protexer a saúde e seguridade dos traballadores e fomentar unha cultura preventiva en Galicia para contribuír á redución da sinistralidade laboral, fomentando á súa vez o benestar laboral e a PST.



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- OE 1 REFORZAR O COMPROMISO, A ESPECIALIZACIÓN TÉCNICA E A PARTICIPACIÓN EN MATERIA DE SST**
- OE 2 MELLORAR A CALIDADE DA XESTIÓN PREVENTIVA PARA REDUCIR A SINISTRALIDADE LABORAL**
- OE 3 AFRONTAR OS RISCOS LABORAIS DERIVADOS DOS NOVOS ESCENARIOS NO TRABALLO**
- OE 4 ATENDER AS NECESIDADES DOS COLECTIVOS QUE PRECISAN DUNHA ESPECIAL PROTECCIÓN POLA SÚA VULNERABILIDADE, OS SEUS RISCOS OU A SÚA SINISTRALIDADE**
- OE 5 XERAR E COMPARTIR COÑECEMENTO ESPECIALIZADO EN PRL A TRAVÉS DA SENSIBILIZACIÓN, O ASESORAMENTO TÉCNICO E A FORMACIÓN**
- OE 6 POTENCIAR ACCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE NO TRABALLO E A CONSECUCIÓN DO BENESTAR LABORAL**



OE 1

REFORZAR O COMPROMISO, A ESPECIALIZACIÓN TÉCNICA E A PARTICIPACIÓN EN MATERIA DE SST

META: consolidar o papel proactivo da Administración galega e os axentes sociais na PRL e na PST

LIÑAS DE ACTUACIÓN

1.1 Fixar como prioridade na axenda política a SST nunha etapa de profunda transformación socio-laboral

MEDIDAS

- 1.1.1** Potenciar o liderado participativo da Administración galega para fomentar a excelencia no desenvolvemento das políticas en SST.
- 1.1.2** Afianzar o compromiso da Xunta de Galicia para dar resposta ás necesidades cambiantes de SST mediante un decidido impulso das actuacións das distintas unidades directivas con competencias en PRL recollidas nas súas planificacións periódicas.
- 1.1.3** Impulsar e potenciar instrumentos de coordinación entre as ditas unidades directivas para acadar unha real e efectiva integración das políticas preventivas e a creación de contornas laborais saudables.
- 1.1.4** Reforzar as actuacións técnicas en materia preventiva para a mellora continua da calidade na prestación do servizo público a través da especialización nas distintas disciplinas preventivas.
- 1.1.5** Reforzar as actuacións de asesoramento preventivo, vixilancia e control para o cumprimento efectivo da normativa de PRL garantindo a colaboración pericial e o asesoramento técnico necesarios á ITSS por parte do Isga así como o exercicio das funcións do seu persoal técnico habilitado.
- 1.1.6** Reforzar as actuacións da administración pública en materia sanitaria referentes á saúde laboral.
- 1.1.7** Promover a colaboración coas distintas consellerías da Xunta de Galicia no deseño e desenvolvemento das actuacións en SST nos seus ámbitos de actuación e colaborar e prestar asistencia técnica á administración local.
- 1.1.8** Facilitar o intercambio de información e experiencia para as actividades de promoción da seguridade e a saúde coa Administración Xeral do Estado, en particular co INSST, e coas CCAA, especialmente cos seus órganos técnicos, a través das canles de participación institucional establecidas na procura dunha efectiva coordinación administrativa.



1.2

Impulsar as canles de participación activa cos axentes sociais para incrementar a calidade das actuacións no eido preventivo nos lugares de traballo**MEDIDAS**

- 1.2.1** Consolidar o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral (CGSSL), na súa condición de órgano de participación institucional da Xunta de Galicia cos axentes sociais en materia de PRL, poñendo en valor as súas funcións de carácter consultivo, de impulso e proposta.
- 1.2.2** Impulsar o funcionamento dos grupos de traballo do CGSSL fomentando a especialización técnica.
- 1.2.3** Destacar o papel como instrumento de participación cos axentes sociais da Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia, para o deseño de propostas e coordinación de actuacións en PRL.
- 1.2.4** Dar cumprimento ás obrigas do Consello Reitor como órgano colexiado de goberno do Issga que conta coa participación dos representantes das organizacións empresarial e sindicais galegas, e nomeadamente, no debate e proposta para aprobación do plan anual de actuación do Issga.
- 1.2.5** Impulsar o papel do Issga como unha canle efectiva para a comunicación, colaboración técnica e participación cos distintos actores implicados na PRL na procura dunha mellor detección das situacións de risco e a adopción das medidas preventivas máis axeitadas.
- 1.2.6** Dinamizar a participación dos axentes sociais para un mellor funcionamento da Comisión para a integración da igualdade nas políticas de PRL do Issga, principalmente no que atinxe ao impacto dos novos riscos e á integración da perspectiva de xénero.
- 1.2.7** Poñer en valor, e se é o caso, reforzar a participación técnica do Issga nos grupos de traballo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST) co fin de xerar, transmitir e compartir coñecemento técnico, especialmente sobre os novos retos, e así impulsar novidades normativas e técnicas en PRL.

1.3

Consolidar o papel do Issga como órgano técnico de referencia en PRL e promoción da saúde no traballo

Encamiñar o Issga cara a unha organización eficaz e eficiente, sostible, transparente e socialmente responsable que dea respostas a un mundo laboral en constante evolución:

MEDIDAS

1.3.1 Adaptar e optimizar a organización e o funcionamento do Issga ás necesidades cambiantes derivadas dos novos retos:

- a) Adoptar as medidas necesarias para facilitar a incorporación do persoal técnico como funcionarios de carreira nas distintas escalas do Issga para un adecuado desempeño das funcións científico-técnicas propias do organismo.
- b) Estudar e propoñer unha modificación da relación de postos de traballo.
- c) Propiciar un funcionamento baseado no liderado horizontal mediante proxectos e equipos funcionais multidisciplinares primando o coñecemento técnico e coidando a comunicación.

1.3.2 Adaptar as actuacións do Issga ás necesidades da sociedade galega para incrementar a calidade na prestación do servizo público:

- a) Potenciar a mellora continua das capacidades e competencia do persoal a través da formación interna e a especialización nas distintas disciplinas preventivas.
- b) Impulsar as unidades de referencia como ferramenta de resposta áxil e eficaz a novas demandas en materia de SST.
- c) Crear grupos de traballo específicos por riscos, actividades ou colectivos, atendendo ás necesidades detectadas ben pola súa novidade, carácter emerxente ou vinculación coas transformacións no eido laboral.
- d) Actualizar para unha mellor resposta o protocolo a seguir ante solicitudes de colaboración dos axentes sociais ao Issga.
- e) Afianzar o Issga como referente en promoción da saúde no traballo.
- f) Reforzar a elaboración de documentación técnica e a oferta formativa.
- g) Potenciar a investigación e a análise da sinistralidade laboral en Galicia.
- h) Potenciar o coñecemento en saúde laboral asociada aos novos riscos.



1.3.3 Fomentar alianzas coas entidades involucradas na PRL e afíns:

- a) Universidades
- b) Sociedades científicas e colexios profesionais e outras asociacións relacionadas coa SST
 - Creación de mesas e espazos para debate, estudo de problemas identificados
 - Formalización de acordos, convenios e protocolos de colaboración
- c) Asociacións de servizos de prevención, entidades xestoras e mutuas colaboradoras coa SS, entidades formadoras e auditoras.
- d) Adhesión á declaración de Luxemburgo

1.3.4 Afianzar o asesoramento técnico especializado e as actuacións de coordinación e colaboración: autoridades laborais, sanitaria, industrial e mineira, Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) e outros organismos administrativos, ademais de xulgados e tribunais.





OE 2

MELLORAR A CALIDADE DA XESTIÓN PREVENTIVA PARA REDUCIR A SINISTRALIDADE LABORAL

META: traballar conxuntamente para reducir os danos na saúde das persoas traballadoras

LIÑAS DE ACTUACIÓN

2.1

Identificar como clave na organización preventiva os servizos de prevención para que poidan incrementar a calidade das súas actuacións nas empresas

MEDIDAS

- 2.1.1** Poñer en valor o coñecemento e as funcións do persoal técnico nas distintas disciplinas preventivas, incluídas as unidades básicas de saúde, e promover o seu papel máis activo para unha actuación de calidade.
- 2.1.2** Favorecer as condicións que faciliten a mellora da prestación do servizo e o incremento da calidade das actuacións dos servizos de prevención en todas as especialidades preventivas.
- 2.1.3** Promover a creación de servizos de prevención con recursos propios para unha efectiva integración da xestión preventiva en sectores con dificultades.
- 2.1.4** Acompañar no ámbito técnico ás empresas que asuman a xestión preventiva persoalmente ou que designen persoal traballador para facilitar o cumprimento normativo, favorecendo a integración da PRL.
- 2.1.5** Respetar a debida participación dos comités de SSL e dos delegados de prevención e favorecer espazos para trasladar coñecemento técnico.
- 2.1.6** Crear espazos de coñecemento desde a Administración galega para unir esforzos de todos os actores implicados en favor da calidade da prevención.



2.2 Incrementar a calidade das actuacións preventivas para reducir os accidentes de traballo

MEDIDAS

- 2.2.1** Consolidar o Observatorio Galego de Condicións de Traballo de SST como espazo para xerar e compartir información e coñecemento técnico, así como para a análise e a difusión actualizada desta información.
- 2.2.2** Propiciar novas actuacións cara á sensibilización, información e apoio técnico para a prevención dos accidentes de traballo tradicionais e emerxentes.
- 2.2.3** Intensificar as actuacións de asesoramento técnico, vixilancia e control do cumprimento da normativa, con especial atención á necesidade de avaliar de forma específica determinados riscos.
- 2.2.4** Afondar na investigación dos accidentes de traballo e das súas causas, incorporando a investigación das patoloxías non traumáticas (cardiovasculares e asociadas aos riscos psicosociais) e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- 2.2.5** Reforzar actuacións de análise e sensibilización en seguridade viaria laboral para a prevención de accidentes de tráfico en xornada e *in itinere*, atendendo especialmente ao colectivo de reparto a domicilio.
- 2.2.6** Consolidar e mellorar a coordinación nas actuacións de investigación de AT mortais, graves e aqueles outros de especial singularidade derivadas da activación do protocolo consonte ao Convenio coa Fiscalía para unha actuación rápida e eficaz, a través do persoal inspector e técnico de garda do Issga as 24h os 365 días do ano.
- 2.2.7** Dar cumprimento ás solicitudes e requirimentos dos xulgados e tribunais.

2.3

Incrementar a calidade das actuacións preventivas para reducir as enfermidades profesionais e relacionadas co traballo**MEDIDAS**

- 2.3.1** Consolidar o Observatorio Galego de Condicións de Traballo de SST como espazo para xerar e compartir coñecemento técnico e manter unha difusión continua e actualizada.
- 2.3.2** Impulsar a investigación das EP e a súa prevención, así como colaborar a nivel nacional na implantación dun procedemento común e un conxunto harmonizado de datos para a mellora do intercambio de información e a calidade da investigación.
- 2.3.3** Utilización do sistema de alerta de CEPROSS que identifica actividades con EP para a súa investigación.
- 2.3.4** Realizar actuacións para favorecer a correcta identificación e comunicación das EP e as relacionadas co traballo.
- 2.3.5** Colaborar cos profesionais sanitarios no procedemento comunicación de sospeita de enfermidade profesional para a determinación da orixe laboral e na formación dos profesionais sanitarios en materia de diagnóstico e sospeita de EP.
- 2.3.6** Mellorar o coñecemento epidemiolóxico das EP co obxecto de facer prevención con enfoque de xénero.
- 2.3.7** Desenvolver actuacións de sensibilización, información e apoio técnico para a prevención das enfermidades profesionais e relacionadas co traballo.
- 2.3.8** Intensificar as actuacións de asesoramento técnico, vixilancia e control do cumprimento da normativa, con especial atención á necesidade de avaliar de forma específica determinados riscos.



2.3.9 Segundo o establecido na EESST 2023-2027, participar no estudo de implantación dun modelo de historia clínico-laboral para o seu posible desenvolvemento.

2.3.10 Favorecer unha vixilancia da saúde individual específica de calidade e incrementar actuacións de vixilancia colectiva para poder valorar os efectos dos riscos laborais e priorizar as medidas preventivas.

2.3.11 Participar nas actuacións que recolle a “Estratexia de xestión do cancro en Galicia 2022-2028” no tocante ao cancro de orixe profesional, tendo en conta o marco estratéxico europeo e a EESST 2023-2027, en concreto na Axenda Nacional para a Prevención do Cancro Profesional.

2.3.12 Impulsar a realización de novos estudos de saúde laboral, especialmente en colectivos ou actividades prioritarias, incorporando a perspectiva de xénero.

2.3.13 Participar nos novos programas de vixilancia postocupacional de saúde laboral.





2.4 Avanzar cara a unha protección máis eficaz dos riscos psicosociais e ergonómicos

MEDIDAS

- 2.4.1** Impulsar campañas para a prevención dos riscos ergonómicos e así evitar a aparición de trastornos musculoesqueléticos (TME), especialmente no sector servizos e tamén no colectivo de traballadores autónomos.
- 2.4.2** Diseñar estratexias de prevención integral con actuacións dirixidas a prevención dos TME e considerando, ademais dos axentes físicos, a influencia dos factores de risco psicosocial.
- 2.4.3** Elaborar e difundir guías e documentos que faciliten ás empresas, especialmente ás pemes, a xestión dos riscos ergonómicos e psicosociais.
- 2.4.4** Implantar en Galicia as medidas do Plan Nacional de Prevención de TME aprobado pola CNSST.
- 2.4.5** Participar na campaña da Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Trballo sobre lugares de traballo saudables no contexto dun futuro dixital seguro e saudable.
- 2.4.6** Elaboración de material divulgativo e campañas de sensibilización para o fomento de boas prácticas en relación coa desconexión dixital, o traballo a distancia e o uso de dispositivos móbiles.
- 2.4.7** Sensibilizar, informar e prestar asesoramento técnico ás empresas sobre a avaliación e as medidas preventivas dirixidas á prevención do risco psicosocial de violencia no traballo, con especial atención ao acoso sexual e por razón de xénero.
- 2.4.8** Crear un espazo, compartido coa universidade e outros actores, para a investigación, desenvolvemento e innovación en prevención dos riscos psicosociais e para a transferencia do coñecemento.
- 2.4.9** Participar nos grupos de traballo da CNSST previstos na EESST 2023-2027 para:
 - a) A elaboración dunha guía para a identificación, avaliación e prevención dos riscos psicosociais e vixilancia da saúde.
 - b) O establecemento de indicadores psicosociais e en especial os relativos á prevención do acoso por razón de sexo e indicadores de igualdade e inclusión social.



2.5

Intensificar as actuacións de prevención na exposición a substancias e axentes perigosos**MEDIDAS**

- 2.5.1** Diseñar campañas de prevención de riscos relacionados coa exposición a substancias e axentes perigosos, incluídos os canceríxenos, para a súa difusión nas actividades prioritarias previamente detectadas co obxectivo de evitar a aparición de danos para a saúde.
- 2.5.2** Realizar actuacións de comprobación, información e asesoramento técnico, específicas nos traballos con risco de exposición a substancias e axentes perigosos, incluídos os canceríxenos e reprotóxicos.
- 2.5.3** Deseño das distintas fases para a elaboración dun novo mapa de risco químico en Galicia.
- 2.5.4** Creación dun portal temático específico no Issga sobre prevención de riscos laborais no traballo con nanomateriais para xerar e compartir coñecemento.
- 2.5.5** Intensificar as campañas de información e formación co obxecto de evitar os danos que pode provocar a manipulación inadecuada dos cosméticos e outros produtos utilizados polos profesionais dos salóns de peiteado e tratamentos de beleza en xeral.
- 2.5.6** Participar nas liñas de traballo establecidas polo INSST para o control do risco por exposición a substancias reprotóxicas e medicamentos.
- 2.5.7** Difundir e asesorar ao persoal sanitario das directrices derivadas da modificación da directiva de axentes canceríxenos, tanto no relativo á formación, vixilancia e control na manipulación segura dos medicamentos perigosos, como das repercusións da inclusión nela dos axentes reprotóxicos.
- 2.5.8** Asesorar e sensibilizar ás empresas e servizos de prevención sobre as principais directrices recollidas na nova normativa laboral sobre o radon e sobre as responsabilidades e funcións desde o ámbito da prevención, con especial atención á medición dos niveis de concentración existentes. Todo isto de conformidade coas instrucións ditadas polo Consello de Seguridade Nuclear, órgano competente na materia, co que resulte do convenio coa ITSS segundo o establecido no Plan Nacional contra o Radon, así como a colaboración coas autoridades laboral e sanitaria.

2.6 Protección eficaz das persoas traballadoras no camiño cara a un futuro sen amianto

No camiño cara a unha Europa sen amianto deberase abordar unha estratexia para a retirada progresiva das toneladas de materiais con amianto que aínda permanecen instalados e van chegando ao fin da súa vida útil. En concreto, a nova Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular recolle que os concellos deberán elaborar un censo de emprazamentos e instalacións con amianto incluíndo un calendario que planifique a súa retirada. En consecuencia, nos vindeiros anos vaise experimentar un incremento nos traballos de retirada de amianto co conseguinte risco de exposición para un maior número de persoas traballadoras.

MEDIDAS

- 2.6.1** Potenciar a formación e adestramento de calidade do persoal exposto.
- 2.6.2** Dar unha resposta axeitada e eficaz en relación co incremento da tramitación de autorizacións para a retirada de materiais con amianto.
- 2.6.3** Reforzar a vixilancia, asesoramento e o control do cumprimento das medidas preventivas nestes traballos.
- 2.6.4** Impulsar a formación de persoal técnico especializado en materia de identificación e xestión de materiais con amianto.
- 2.6.5** Impulsar campañas de información, asesoramento técnico e formación a todos os implicados en traballos onde pode haber contacto e manipulación de materiais con amianto incluíndo o persoal autónomo.
- 2.6.6** Ofrecer asesoramento técnico especializado e facilitar a coordinación administrativa (saúde pública, seguridade e saúde laboral, medio ambiente e vivenda) prestando especial atención aos concellos.
- 2.6.7** Dar visibilidade ás liñas de axuda públicas xa existentes e impulsar novas liñas específicas para a retirada dos MCA instalados por parte dos órganos competentes en Galicia.
- 2.6.8** Colaborar coa autoridade sanitaria no intercambio de información relacionada coa exposición dos traballadores ao amianto cara á mellora das condicións de traballo, da vixilancia da saúde e do cumprimento da normativa laboral na materia.



OE 3

AFRONTAR OS RISCOS LABORAIS DERIVADOS DOS NOVOS ESCENARIOS NO TRABALLO

META: adaptación da xestión preventiva ás novas formas de traballo

LIÑAS DE ACTUACIÓN

3.1

Xerar coñecemento técnico para a prevención dos novos riscos e así evitar futuros danos para a saúde da poboación traballadora

MEDIDAS

3.1.1 Colaborar coa liña de investigación promovida pola CNSST, tal e como se contempla na EESST 2023-2027, para coñecer os efectos nas condicións de seguridade e saúde da poboación traballadora derivados do desenvolvemento tecnolóxico, o cambio climático, a evolución demográfica e a transición ecolóxica:

- a) Participar nos grupos de traballo creados ao efecto.
- b) Participar nos proxectos de investigación que teñan como obxectivo coñecer os novos modelos de emprego e de organización do traballo desde o punto de vista da PRL e a mellora das condicións de traballo.

3.1.2 Favorecer a creación de Unidades de referencia en PRL ante crises de saúde futuras e para a análise da PRL asociada ás novas formas de traballo co fin de dar unha resposta áxil e con rigor técnico ante estes novos escenarios.

3.1.3 Sensibilizar ás empresas sobre a importancia dun liderado forte ante situacións de crise para manter a súa viabilidade sen descoidar a protección da seguridade e saúde laboral das persoas traballadoras, tendo como referencia a resposta dada fronte á pandemia da COVID-19.



- 3.1.4** Fortalecer a calidade e especialización da organización preventiva das empresas como instrumento fundamental para facer fronte ás crises sanitarias proporcionándolles asesoramento técnico, información e formación.
- 3.1.5** Fomentar a realización de estudos sobre saúde laboral para a mellora do coñecemento científico que permita establecer a correlación entre os danos para a saúde e a exposición aos riscos no traballo.
- 3.1.6** Establecer foros e grupos de traballo técnicos para identificar estudos e actuacións innovadoras e relevantes no eido da SST orientados á investigación, análise e diagnóstico dos riscos derivados de novos modelos produtivos e organizativos nunha sociedade en permanente cambio.
- 3.1.7** Potenciar os estudos e informes sobre o impacto dos novos riscos na sinistralidade laboral a través do observatorio galego de condicións de traballo cunha especial atención á evolución dos accidentes por infartos, derrames e outras patoloxías non traumáticas, así como o impacto nos riscos psicosociais.
- 3.1.8** Fomentar a investigación dos AT por infarto, derrame e patoloxías non traumáticas, debido ao peso que están tendo na sinistralidade laboral así como as EP relacionadas cos aspectos ergonómicos dos postos de traballo.
- 3.1.9** Apoiar a realización de estudos epidemiolóxicos sobre o posible impacto dos factores de risco psicosocial laboral e o uso de novas tecnoloxías na patoloxía cardiovascular e na saúde mental da poboación traballadora.



**3.2****Avanzar cara a unha protección eficaz a través dunha adecuada xestión dos riscos derivados da nova realidade laboral****MEDIDAS**

3.2.1 Asesorar e sensibilizar ás empresas e as súas organizacións preventivas mediante campañas de información e formación técnica sobre a avaliación e control dos riscos derivados da dixitalización e das transicións demográfica, ecolóxica e climática. En concreto, abordando as seguintes temáticas:

- a) Riscos psicosociais e coidado da saúde mental no traballo cos recursos e as alianzas necesarias cos profesionais competentes.
- b) Riscos ergonómicos e prevención dos TME.
- c) Xestión da idade.
- d) Teletraballo, dixitalización e desconexión dixital.
- e) Riscos derivados dos cambios ambientais.

3.2.2 Participar tecnicamente no desenvolvemento a nivel nacional, de criterios e ferramentas que faciliten ás empresas, especialmente ás pemes, a xestión dos riscos ergonómicos e psicosociais derivados da dixitalización e das novas formas do traballo e promover a súa implantación en Galicia.

3.2.3 Xerar cultura preventiva, en colaboración cos axentes sociais e outras entidades, dirixida á prevención dos novos riscos na sociedade en xeral e incidindo especialmente na etapa escolar e na formación profesional.

3.2.4 Realizar actuacións de asesoramento, vixilancia e control do cumprimento da normativa:

- a) Diseñar actuacións específicas por parte do persoal técnico habilitado centradas nas novas formas de traballo.
- b) Elaborar programas de asistencia técnica e control dirixidos á xestión da idade nas empresas que o precisen pola prolongación da vida laboral do cadro de persoal.
- c) Colaborar no control das condicións de seguridade e saúde dos servizos de reparto ou distribución de produtos de consumo a través de plataformas dixitais.
- d) Prestar asistencia técnica á ITSS para a realización das campañas enfocadas á modalidade de prestación laboral a distancia, con especial atención ás disposicións relacionadas cos riscos psicosociais, tal e como sinala a EESST 2023-2027.

3.2.5 Proporcionar coñecemento na actualización de diferentes disposicións normativas en materia de PRL previstas na EESST 2023-2027, co fin de adaptalas aos novos modelos de traballo.



OE 4

ATENDER AS NECESIDADES DOS COLECTIVOS QUE PRECISAN DUNHA ESPECIAL PROTECCIÓN POLA SÚA VULNERABILIDADE, OS SEUS RISCOS OU A SÚA SINISTRALIDADE

META: acompañar ao tecido empresarial e ás persoas traballadoras con maiores dificultades

LIÑAS DE ACTUACIÓN

4.1

Reforzar a protección das persoas traballadoras consideradas especialmente sensibles e dos colectivos vulnerables

MEDIDAS

- 4.1.1** Desenvolver actuacións de sensibilización, asesoramento, seguimento e control orientadas á mellora do cumprimento da normativa, directrices e procedementos para garantir niveis adecuados de protección da maternidade. En concreto, deseñárase un material explicativo sobre as medidas preventivas que se deben adoptar pola empresa.
- 4.1.2** Deseñar actuacións de sensibilización, asesoramento, seguimento e control para a mellora da protección fronte aos axentes reprotóxicos.
- 4.1.3** Fomentar a incorporación da idade e diversidade xeracional na xestión preventiva das empresas co fin de adaptala á situación provocada polo envellecemento da poboación traballadora.
- 4.1.4** Deseñar campañas e elaborar documentos para o fomento da SST dirixidas ás persoas traballadoras con diversidade funcional con especial atención aos centros especiais de emprego.

- 4.1.5** Elaborar protocolos de actuación para a reincorporación ao traballo tras unha baixa prolongada que favorezan a correcta adaptación dos postos de traballo en colaboración co INSST e o INSS.
- 4.1.6** Prestar asistencia técnica á ITSS nas actuacións de vixilancia e control dirixidas aos Centros Especiais de Emprego que recolle a EESST 2023-2027.
- 4.1.7** Aumentar o coñecemento dos riscos específicos nos sectores relacionados co coidado das persoas: psicosociais (burnout e estrés, incorporando a abordaxe da violencia no traballo), ergonómicos (mobilización de persoas) e biolóxicos.
- 4.1.8** Sensibilizar, informar e formar, sobre os danos para a saúde (mental e física) derivados da exposición aos riscos psicosociais e ergonómicos e a forma de previlos, a aqueles colectivos especialmente vulnerables a estes riscos.





4.2

Intensificar as actuacións dirixidas a sectores e actividades con riscos especiais ou elevada sinistralidade**MEDIDAS**

4.2.1 Realizar, en colaboración cos interlocutores sociais, campañas de información e actuacións de asesoramento técnico, seguimento e control para mellorar a xestión preventiva e reducir a sinistralidade laboral nos seguintes sectores ou actividades económicas:

- a) Sector da construción e afíns: atendendo especialmente ao risco de caída nos traballos en altura (plataformas elevadoras móbiles de persoas, estadas, guindastres, cubertas, escadas, instalación de paneis fotovoltaicos e na montaxe e desmontaxe de escenarios).
- b) Sector forestal: incidindo principalmente nas operacións de maior accidentabilidade como son o desbroce e corte de árbores polo pé, destacando o traballo conxunto cos SPRL do sector e impulsando a súa xestión mancomunada. Utilizarase como instrumento técnico a colección Implanta do Issga.
- c) Pesca e afíns: incidindo nas condicións de SST (medios de salvamento, instalacións contra incendios e recorridos de evacuación, sinalización, seguridade dos equipos de traballo e EPI) e utilizando como instrumento técnico a colección Lembra do Issga.
- d) Sector agrario: con especial atención aos riscos dos lugares de traballo, de caída de altura e aos derivados da utilización de silos, equipos de traballo, tractor e outra maquinaria agrícola, así como á aplicación segura de fitosanitarios. Utilizaranse como instrumento técnico as coleccións Implanta e Actúa do Issga.
- e) Industria: atendendo especialmente aos riscos específicos das actividades económicas da industria naval e siderometal, lousa e granito, automoción, madeira e conserveira.
- f) Servizos: prestando especial atención aos riscos das actividades de supermercados, limpeza, centros de chamadas, transporte, distribución e reparto de mercancías, servizos de peiteado e estética.

4.2.2 Actuarase en todos os sectores, especialmente nas actividades que máis o precisen, para asegurar unha eficaz coordinación de actividades empresariais e, cando sexa necesaria, a presenza do recurso preventivo.

4.2.3 Deseño de actuacións en colaboración coa autoridade industrial, para a mellora das condicións de seguridade e da xestión preventiva dos riscos laborais, no que atinxe aos accidentes de traballo que teñen entre as súas causas un deseño ou mantemento inadecuado de instalacións e/ou equipos afectados polas normas de seguridade industrial. De ser o caso, contarase coa colaboración da ITSS.

4.3 Impulsar accións para unha efectiva integración da seguridade e saúde no traballo no emprego autónomo

MEDIDAS

- 4.3.1** Impulsar actividades e canles de formación e información orientadas á xestión dos riscos laborais considerando as necesidades e singularidades deste colectivo e prestando especial atención ás mulleres autónomas e aos novos desafíos das condicións de traballo.
- 4.3.2** Afondar no coñecemento dos riscos laborais máis prevalentes neste colectivo mediante a análise estatística da sinistralidade laboral na poboación autónoma e o estudo das causas dos accidentes de traballo e das enfermidades de orixe laboral, así como das medidas preventivas implantadas.
- 4.3.3** Impulsar alianzas coas asociacións de autónomos para acercar a cultura de seguridade e saúde laboral a este colectivo.
- 4.3.4** Utilizar como canle a Mesa do Autónomo en Galicia para a proposta de accións de impulso e mellora no colectivo.
- 4.3.5** Facilitar e difundir ferramentas de axuda para a xestión dos riscos laborais e a prevención dos danos para a saúde.
- 4.3.6** Achegar un espazo de coñecemento específico para o persoal autónomo e fomentar un asesoramento especializado en relación ao cumprimento normativo en seguridade e saúde no traballo facilitando ferramentas que lles permitan reducir a carga documental e integrar a PRL nas súas actividades.
- 4.3.7** Fomentar a formación teórico/práctica especializada e de calidade en PRL para este colectivo.
- 4.3.8** Participar tecnicamente na análise das disposicións normativas aplicables ás persoas traballadoras autónomas nesta materia que recolle a EESST 2023-2027.



OE 5

XERAR E COMPARTIR COÑECEMENTO ESPECIALIZADO EN PRL A TRAVÉS DA SENSIBILIZACIÓN, O ASESORAMENTO TÉCNICO E A FORMACIÓN

META: contribuir á continua actualización do persoal técnico e á sensibilización e información da sociedade galega

LIÑAS DE ACTUACIÓN

5.1

Fortalecer a formación e información técnica. Impulsar a visión práctica na formación específica en PRL

MEDIDAS

- 5.1.1** Diseñar unha oferta formativa de calidade co obxectivo de consolidar un modelo de formación que dea resposta ás novidades técnicas e normativas, baseado no coñecemento e na continua actualización.
- 5.1.2** Acercar unha formación eminentemente práctica aos colectivos que precisan dunha maior sensibilización, información e habilidades preventivas, a través de campañas e programas formativos adaptados ás súas necesidades.
- 5.1.3** Propiciar encontros e sesións técnicas nas que os distintos axentes da PRL acheguen as súas realidades para obter máis información na abordaxe de situacións complexas desde unha visión integral do sistema de SST.
- 5.1.4** Fomentar a utilización das novas tecnoloxías e metodoloxías didácticas na formación en PRL para crear espazos formativos virtuais adaptados á realidade do tecido empresarial galego.
- 5.1.5** Impulsar a elaboración técnica de documentos e estudos en SST para a súa difusión a través de campañas de asesoramento técnico, información e sensibilización.

- 5.1.6** Consolidar o Observatorio Galego de Condicións de Traballo de SST como espazo público para compartir coñecemento, facilitar o acceso a novidades e a actualización continua de estatísticas e estudos de sinistralidade laboral. Neste marco realizaranse periodicamente enquisas de condicións de SST aproveitando as que se fagan a nivel nacional para ter mostras maiores e garantir a súa calidade e comparabilidade.
- 5.1.7** Impartir e certificar formación básica en PRL, daráselles prioridade no seu acceso aos delegados e delegadas de prevención, ao persoal traballador designado e ao empresariado que asuma persoalmente a xestión da prevención.
- 5.1.8** Dar prioridade nas actividades formativas e informativas a persoas traballadoras, mandos e empresariado de xeito especial aos que teñan vinculación coa xestión da PRL.
- 5.1.9** Realizar actividades de formación para a promoción da prevención no emprego autónomo.





5.2

Promover a concienciación e sensibilización en materia de seguridade e saúde laboral en todos os ámbitos da sociedade galega**MEDIDAS**

- 5.2.1** Integrar a prevención como valor consubstancial na etapa educativa para os futuros traballadores e traballadoras. Propiciar a inclusión de contidos de PRL nos programas formativos.
- 5.2.2** Poñer en valor os instrumentos do Issga, Escola Galega de Prevención e o Espazo das disciplinas preventivas, para acadar unha participación activa das nenas e dos nenos na cultura da prevención.
- 5.2.3** Impartir formación en PRL nos distintos ciclos formativos da Formación Profesional para ligar a seguridade coa aprendizaxe da profesión, utilizando os instrumentos do Issga como a Aula de Risco Eléctrico e as campañas deseñadas ao efecto.
- 5.2.4** Colaborar co ámbito universitario, especialmente coas universidades públicas galegas, nas materias propias do Issga co fin de avanzar no coñecemento científico-técnico.

5.3 Participación institucional no ecosistema de PRL e PST

MEDIDAS

- 5.3.1** Impulsar ferramentas de traballo conxunto e de participación para activar o cambio e afrontar os novos retos.
- 5.3.2** Facer promoción da cultura preventiva nos medios de comunicación e nas redes sociais.
- 5.3.3** Organizar foros técnicos especializados en SST e PST en colaboración cos principais referentes.
- 5.3.4** Promover espazos de recoñecemento ás boas prácticas preventivas desde o ámbito público.
- 5.3.5** Sumarse á conmemoración e ás actividades que se programen co gallo do Día Mundial da SST (28 de abril), da Semana Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo, e outros que teñen especial relación coa saúde laboral.
- 5.3.6** Promover a incorporación de melloras en PRL nos convenios colectivos a través do deseño de criterios e orientacións a ter en conta na negociación, en colaboración co Consello Galego de Relacións Laborais.



OE 6

POTENCIAR ACCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE NO TRABALLO E A CONSECUCIÓN DO BENESTAR LABORAL

META: xerar e consolidar organizacións saudables e sostibles

LIÑAS DE ACTUACIÓN

6.1

Introducir e consolidar progresivamente a cultura do benestar laboral a través dunha visión integral da saúde

MEDIDAS

- 6.1.1** Participar activamente no proxecto de Rede Española de Empresas Saudables, a través do Comité de verificación de empresas saudables e sostibles.
- 6.1.2** Crear espazos para a difusión de boas prácticas en promoción da saúde nas empresas e, entre outros, programas específicos sobre saúde cardiovascular, saúde mental e traballo inclusivo.
- 6.1.3** Difundir e concienciar ás empresas galegas sobre a importancia da promoción da saúde no traballo cara a diminuír a sinistralidade por patoloxías non traumáticas, como infartos, derrames e outras patoloxías cardiovasculares, para que se impulsen programas consensuados de hábitos saudables.
- 6.1.4** Elaborar, asesorar e difundir guías de boas prácticas de promoción da saúde nas empresas galegas, incidindo nas pemes.
- 6.1.5** Participar tecnicamente a nivel nacional na elaboración de documentación para o desenvolvemento de programas de alimentación, actividade física e prevención da enfermidade cardiovascular.
- 6.1.6** Promover que os profesionais sanitarios dos servizos de prevención impulsen o desenvolvemento de programas de promoción da saúde no traballo, contando coa participación do persoal traballador.
- 6.1.7** Incorporar en todos os estudos de saúde laboral do Issga cuestionarios de saúde mental, tipo de dieta e grao de actividade física.
- 6.1.8** Impulsar as escolas de saúde laboral dirixidas a colectivos de actividades feminizadas para formar e informar sobre boas prácticas e programas para promover a saúde integral e o benestar no traballo.

6.2

Impulsar programas e proxectos para o coidado da saúde mental e o benestar emocional nos lugares de traballo**MEDIDAS**

- 6.2.1** Participar a nivel nacional na valoración e recoñecemento das empresas que desenvolven programas de calidade na esfera da saúde emocional e na prevención das enfermidades mentais.
- 6.2.2** Realizar accións de sensibilización para as empresas, en colaboración con sociedades científicas, colexios profesionais e universidades, dirixidas á mellora da saúde emocional e á prevención das enfermidades mentais nas persoas traballadoras.
- 6.2.3** Concienciar sobre a importancia de favorecer o benestar emocional para un ambiente de traballo saudable e produtivo.
- 6.2.4** Promover unha cultura de confianza, coidado e apoio ás persoas traballadoras para a xestión da saúde psicolóxica e benestar no seu día a día no traballo e ante posibles futuras crises, así como sensibilizar aos profesionais das distintas disciplinas preventivas sobre a necesidade de unha intervención temperá e integral.
- 6.2.5** Sensibilizar sobre a prevención das adicións no ámbito laboral e a necesidade de plans de intervención nas empresas.



IMPLEMENTACIÓN E SEGUIMENTO DA ESSTG27

Serán instrumentos clave para o impulso e o seguimento desta estratexia por unha banda, os plans anuais de actuación do Isga e por outra os informes doutras unidades directivas con competencia en SST, corresponsables na implementación e execución deste marco estratéxico aos que se unirán a información sobre as actuacións que corresponda desenvolver aos axentes sociais.

Singularmente realizarase un balance de execución da estratexia aos dous anos da súa entrada en vigor e un informe ao final do seu período de vixencia que servirá como documento de diagnose para o vindeiro marco estratéxico en Galicia.

ANEXO:

**EVOLUCIÓN DA SINISTRALIDADE LABORAL
EN GALICIA**




O período que se analiza abrangue desde o ano no que se inicia o anterior marco estratéxico galego nesta materia ata o 2021 por ser os datos que, no momento da redacción deste texto, están consolidados e son definitivos.

Neste resumo, contémpanse para o período 2017-2021 tanto os accidentes de traballo (AT), de xeito singular os ocorridos durante a xornada laboral, como as enfermidades profesionais (EP), por ser as dúas contingencias de obrigada notificación ao tratarse de danos producidos na saúde do persoal traballador relacionados co seu posto de traballo.

A) AT CON BAIXA EN XORNADA DE TRABALLO (ATXT)


O comportamento da sinistralidade no traballo con baixa en xornada laboral neste período e en **número total destes accidentes**, reflicte un aumento dun 5,11%, xa que no ano 2017 rexistráronse un total de 27.730 ATXT e no 2021 29.146 ATXT.

Para unha mellor comprensión desta evolución, é importante reseñar a modificación normativa operada no 2019, que dá por primeira vez entrada nestas estatísticas á sinistralidade laboral da práctica totalidade do persoal traballador autónomo, incorporándose, a maiores, á poboación exposta e con cobertura destas contingencias profesionais, 159.000 traballadores e traballadoras por conta allea. Esta circunstancia, de por si, produce un incremento da sinistralidade. Pola contra, no 2020 e polos efectos sobre a actividade económica da pandemia provócase unha diminución dos ATXT.






A evolución do **índice de incidencia** (número de accidentes por cada 100.000 traballadores/as) pasou de 3.445,29 no ano 2017 a 2.904,39 no 2021, o que reflicte unha redución dun 15,70%.




Desagregando a evolución por **sectores de actividade**, recóllense aquí as cifras do 2021, xa que se observa este mesmo patrón durante os cinco anos, con pequenas variacións. No 2021, o sector da Construción foi o que presentou o maior índice (6.023,55), seguido do sector da Industria (5.017,68), a Pesca (4.402,59) e a Agricultura (4.159,52) e o sector Servizos é o que presentou un índice de incidencia menor (2.062,89).

INCIDENCIA ANUAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE






A análise da **accidentabilidade por sexo** evidencia a maior sinistralidade que sofren os homes e así se mostra no gráfico, que representa a evolución durante os últimos cinco anos. Os accidentes das traballadoras entre 2017 e 2021 aumentaron desde os 8.187 ata os 8.220, o que supón un incremento dun 0,40%. O aumento dos accidentes dos traballadores nos 5 anos foi do 7,08%, desde os 19.543 no 2017 ata os 20.926 no 2021.




Considerando a idade, o grupo de 35 a 44 anos cunha media de 8.829 accidentes, o de 45 a 54 anos con 7.932, o de 25 a 34 anos con 5.675 e o de 55 a 65 cunha media de 4.354 accidentes son os grupos de idade de maior número de accidentes. Se nos fixamos nos grupos entre 25 e 65 anos, entre 2017 e 2019, os accidentes de 55 a 65 anos aumentaron un 22,22% (de 3.916 a 4.786), de 45 a 54 anos un 16,85% (de 7.514 a 8.780), de 35 a 44 anos un 10,35% (de 8.893 a 9.813) e os de 25 a 34 anos un 9,31% (de 5.776 a 6.314) e entre 2017 e 2021 o grupo de idade de 55 a 65 anos aumentou un 23,34% (ata os 4.830), de 45 a 54 anos un 9,12% (ata os 8.199), de 35 a 44 anos diminuíu un 1,88% (ata os 8.726) e o de 25 a 34 anos diminuíu un 3,64% (ata os 5.566). A pesar de que os grupos de idade máis novos aumenten as súas porcentaxes de accidentes no período 2017-2021: de 16 a 19 anos un 26,51% (de 166 a 210) e de 20 a 24 anos un 8,78% de 1.424 a 1.549). Segundo o exposto, compróbase que a idade media do persoal traballador accidentado experimentou un aumento ao longo destes cinco anos.






Na análise da accidentabilidade segundo o **tipo de contrato**, o persoal traballador con contrato indefinido é o de maior número de accidentes cunha media de 15.321, aumentando desde os 15.432 no 2017 ata os 16.557 no 2019, pero o dato do 2021 (15.526 accidentes) mostra un aumento de só un 0,61%. Os traballadores/as con contrato temporal teñen unha media de 11.313 accidentes, aumentando desde os 11.089 no 2017 ata os 12.619 no 2019, (superior aos traballadores/as con contrato indefinido), sendo o dato do 2021 de 11.261 accidentes polo que o incremento nos 5 anos é do 1,55%. O persoal traballador con contrato temporal é o grupo con maior variabilidade dos accidentes respecto á media. O persoal traballador por conta propia ou autónomo tivo unha media de 1.863 accidentes, pero estes incrementáronse desde 2017 a 2019 (de 1.209 ata 2.452) polo aumento do número de cotizantes no 2019, diminuindo ata os 2.359 no 2021. O incremento dos accidentes dos autónomos nos 5 anos foi do 95,12%, sendo o grupo con menor variabilidade do número de accidentes.



Tendo en conta **as catro provincias galegas**, obsérvase unha evolución da incidencia do total dos accidentes en xornada moi similar, con valores máximos no 2018 (agás A Coruña). Lugo é a provincia de menor incidencia e Ourense a de maior, agás no ano 2021 no que foi superada por Pontevedra.






AT EN XORNADA DE TRABALLO GRAVES

Os **accidentes graves** mantéñense en valores similares entre 2017 (446) e 2018 (442), diminuindo nun 0,90% e aumentando un 12,22% no 2019 ata os 496. No 2020 a pandemia fai notar os seus efectos e diminúen un 19,56% respecto ao ano anterior ata os 399 accidentes. No 2021 os accidentes aumentaron un 13,03% respecto ao anterior situándose en 451, valor este lixeiramente superior á media de accidentes graves destes 5 anos (447) e cun incremento do 1,12% respecto ao 2017.

A **incidencia dos accidentes graves** mostra unha clara liña descendente desde os 55,41 accidentes por 100.000 traballadores/as no 2017 ata os 40,42 no 2020, aumentando ata os 44,94 no 2021, sendo a media das incidencias destes 5 anos de 48,66 accidentes por 100.000.




AT EN XORNADA DE TRABALLO MORTAIS

Respecto aos **accidentes mortais**, no 2018 incrementáronse nun 27,91% en relación ao ano anterior, de 43 a 55, aumentando ata os 56 no 2019. No 2020 os accidentes mortais só diminúen un 3,57% ata os 54 falecidos, continuando a diminución no 2021 cun 9,26% menos ata os 49 accidentes mortais, por debaixo da media dos 5 anos que é de 51 falecidos, sendo o incremento en relación a 2017 do 13,95% (6 accidentes).

A **incidencia** dos accidentes mortais foi de 5,34 accidentes por 100.000 traballadores/as no 2017, diminuíu desde os 6,63 no 2018 ata os 4,88 no 2021, cunha media das incidencias de 5,58 accidentes por 100.000 traballadores/as.


No 2021 o maior índice de incidencia mortal presentouno o sector da Pesca (17,02), seguido polo sector da Construción (15,49), o sector da Agricultura (14,54), a Industria (6,96) e por último, o sector Servizos (2,60). Este mesmo patrón obsérvase durante o últimos cinco anos, con pequenas variacións.






AT EN XORNADA DE TRABALLO MORTAIS POR CAUSAS TRAUMÁTICAS E NON TRAUMÁTICAS

No seguinte gráfico faise unha comparación en porcentaxes entre os **accidentes mortais por causas traumáticas e non traumáticas**. Nos cinco anos, do 2017 ao 2021, os accidentes mortais non traumáticos representaron o 33,91% dos falecidos (17 dun total de 51), os traumáticos foron de media o dobre. Os non traumáticos tiveron porcentaxes entre o 25 e o 29% agás en dous anos: no 2018, con 19 dos 55 accidentes mortais (o 34,55%) e no 2021, onde se produciu o caso excepcional de que os 26 accidentes non traumáticos foron causantes do 53,06% dos 49 falecementos.



ACCIDENTES *IN ITINERE*

Os accidentes *in itinere* aumentaron de 3.115 no 2017 a 3.428 no 2019, diminuindo ata os 2.560 no 2020 e volvendo aumentar ata os 2.926 no 2021, polo que a diminución dos accidentes nos 5 anos foi do 6,07% cunha media de 3.038 accidentes. Os accidentes *in itinere* foron de media o 9,63% do total dos accidentes laborais (en xornada mais *in itinere*).






B) ENFERMIDADES PROFESIONAIS


ENFERMIDADES PROFESIONAIS NOTIFICADAS

Na análise da **evolución das enfermidades profesionais** obsérvase que as enfermidades con baixa aumentaron entre 2017 e 2019 desde 845 ata as 1.036, diminuíndo no 2021 ata as 749, cunha diminución nos 5 anos do 11,36% e unha media de 855 enfermidades. As enfermidades sen baixa oscilaron ao redor dunha media de 593 cun máximo no 2017 de 646 e un mínimo de 527 no 2020, a diminución entre o máximo e o dato do 2021 (540 enfermidades) foi do 16,41%, mostrando menor variabilidade que as enfermidades con baixa. A suma das enfermidades con baixa e sen ela aumentou desde os 1.491 casos no 2017 ata os 1.674 no 2019 diminuíndo ata 1.289 no 2021, nos 5 anos a comunicación de enfermidades diminuíu un 13,55% cunha media de 1.448 enfermidades.




Considerando o **sexo**, a evolución do total das enfermidades profesionais dos homes mostra que estas oscilaron ao redor dunha media de 766 casos anuais cun mínimo de 726 no 2018 e un máximo de 859 no 2019. O total de enfermidades diminuíu un 2,48% desde os 765 casos no 2017 aos 746 no 2021. No caso das mulleres, o total das enfermidades aumentou desde as 726 no 2017 ata as 815 no ano 2019 e diminuíu ata as 543 no 2021, cunha media anual de 682 enfermidades e unha diminución nos 5 anos do 25,21%.

ENFERMIDADES PROFESIONAIS HOMES




ENFERMIDADES PROFESIONAIS MULLERES





Tendo en conta **as catro provincias galegas**, Pontevedra presenta o maior número de enfermidades e variación do número de casos por ano respecto á media, cun valor medio de 707 enfermidades e unha diminución dun 14,38% nos 5 anos. A Coruña é a segunda provincia en número de enfermidades e variación de datos, cunha media de 387 enfermidades e unha diminución do 22,89%. A seguinte en número de enfermidades e variabilidade é a provincia de Ourense, con 246 de media e unha diminución do 4,78%. En último lugar está a provincia de Lugo, cunha media de 108 enfermidades e un aumento do 6,48%.



AXENTES INVOLUCRADOS

Enfermidades profesionais do grupo 1 (causadas por axentes químicos): tivo unha media de 41 casos, sendo o cuarto grupo por número de enfermidades e variabilidade por ano respecto ao valor medio. No 2020 rexistrouse o mínimo con 30 casos e o ano anterior o máximo con 67, diminuindo as enfermidades desde as 38 do 2017 ás 37 no 2021, un 2,63%.

Na comparación entre o número de enfermidades de **homes e mulleres** as medias son moi similares (22 nos traballadores e 19 nas traballadoras), aínda que a variabilidade é moito maior nos primeiros, cun dato máximo de 47 e un mínimo de 11, fronte a un máximo de 21 e mínimo de 17 nas segundas.

Enfermidades profesionais do grupo 2 (causadas por axentes físicos): é o grupo de maior número de casos, rexistrándose unha media de 1.133 enfermidades cun máximo de 1.296 no 2019 e un mínimo de 1.059 no 2021, sendo o dato do 2017 de 1.125 enfermidades, polo que estas diminuíron un 5,87% nos 5 anos. Este grupo é tamén o de maior variabilidade respecto á media.

A media de casos de enfermidade das **traballadoras** (571) supera á dos **traballadores** (562), tamén a variabilidade respecto á media é superior nelas, cun máximo no 2019 de 674 e un mínimo no 2021 de 471, fronte a un máximo de 622 no 2019 e un mínimo de 503 no 2018 para os traballadores.

Enfermidades profesionais do grupo 3 (causadas por axentes biolóxicos): é o quinto grupo por número de casos, cunha media de 41 enfermidades e o terceiro de maior variabilidade. Con datos moi similares no 2017 (54) e 2018 (53), o máximo de casos neste grupo foi no 2019 (65) diminuindo ata os 11 no 2021, polo que nos 5 anos a diminución das enfermidades foi do 79,63%.

Na comparación entre o número de enfermidades de **homes e mulleres**, a media delas é claramente superior, 32 casos fronte 8 nos homes, sendo a variabilidade tamén maior, cun máximo de 51 enfermidades no 2019 e un mínimo de 9 no 2021, fronte un máximo de 14 no 2019 e un mínimo de 2 no 2021 nos homes.



Enfermidades profesionais do grupo 4 (causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidas noutros apartados): é o segundo, tanto por número de casos como por variabilidade, cunha media de 171 enfermidades, diminuindo desde as 207 no 2017 ata as 133 no 2020, aumentando no 2021 ata as 147, polo que a diminución nos 5 anos foi do 28,99%.

A media de enfermidades é moi superior nos **homes** (148) en comparación coas **mulleres** (23) e tamén a variabilidade, cun máximo de casos de 181 no 2017 e un mínimo de 119 no 2020 neles e un máximo de casos no 2019 de 30 e un mínimo no 2020 de 14 nelas.

Enfermidades profesionais do grupo 5 (da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados): trátase do terceiro grupo por número de casos e quinto segundo a súa variabilidade, cunha media de 59 casos e que aumentou desde as 63 enfermidades no 2017 e 2018 ata as 70 no 2020, diminuindo no 2021 ata as 34, polo que a diminución entre 2017 e 2021 foi do 46,03%.

A media de enfermidades das **mulleres** é de 35 casos cun máximo no 2017 de 41 e un mínimo no 2021 de 22, sendo superior aos datos dos **homes** con 24 enfermidades de media cun máximo no 2020 de 32 e un mínimo de 12 no 2021, as varianzas dos datos resultan similares.

Enfermidades profesionais do grupo 6 (causadas por axentes carcinóxenos): tivo unha media de tan só 3 casos, o cal chama a atención.

Hai pouco que comentar sobre os datos de cancrois laborais, cunha media de 3 nos **homes** e non chega a 1 nas **mulleres**.

SECTORES DE ACTIVIDADE E GRUPOS DE ENFERMIDADE

Na análise por sectores de actividade e grupos de enfermidade, a **agricultura** conta cunha media de 21 casos sendo o de menor número.

- O **grupo 1** (axentes químicos) tivo unha media dunha (1) enfermidade, cun máximo de dúas (2) no 2020 e un mínimo de cero (0) no 2019 e 2021.
- O grupo máis numeroso e de maior variabilidade, o **grupo 2** (axentes físicos), tivo unha media de 13 casos cun mínimo de 11 no 2017 e 2019 e un máximo de 16 no 2018 e 2020.
- O **grupo 3** (axentes biolóxicos) tamén tivo unha media dunha (1) enfermidade, cun máximo de 3 no 2017 e un mínimo de cero (0) no 2019 e 2021.
- O **grupo 4** (por inhalación) é o segundo por número de casos cunha media de 4, cun máximo de 6 no 2017 e un mínimo dun (1) no 2020.
- Cunha media de 2 casos está o **grupo 5** (enfermidades da pel), cun máximo de 4 no 2017 e un mínimo de cero (0) no 2018.
- Nada que engadir sobre os datos do **grupo 6** (cancerixenos).



O sector da **pesca**, ten unha media de 26 casos, os datos indican o seguinte:

- O **grupo 1** (axentes químicos) tivo unha media de cero (0) enfermidades, cunha soa rexistrada no 2021.
- Case todas as enfermidades rexistradas no sector son do **grupo 2** (axentes físicos), cunha media de 25 casos, aumentando desde os 20 no 2017 ao máximo de 37 no 2019. Desde o máximo diminuíu ata o mínimo no 2019 con 19, sendo 21 os casos no 2021, polo que o aumento respecto a 2017 foi do 5,00%.
- No **grupo 3** (axentes biolóxicos) non houbo ningún caso.
- No **grupo 4** (por inhalación) rexistráronse 2 casos, un no 2018 e outro no 2021.
- Cunha media dun (1) caso, o **grupo 5** (enfermidades da pel) é o segundo grupo por número de enfermidades. Rexistráronse 4 casos no 2018 e un (1) no 2021.
- Non se rexistraron casos no **grupo 6** (cancerixenos).

A **industria** é o primeiro sector por número de casos de enfermidade cunha media de 704:

- En terceiro lugar, tanto polo número como pola varianza, está o **grupo 1** (axentes químicos) cunha media de 17 casos. Se no 2017 se comunicaron 21 casos, no 2018 diminuíron a 16, aumentando ata o máximo no 2019 con 31 casos. No 2020 foron 9 casos e no 2021 comunicáronse 10, polo que respecto a 2017 as enfermidades diminuíron un 52,38%.
- O primeiro grupo, por número de casos e o segundo por variación respecto á media, é o **grupo 2** (axentes físicos) cunha media anual de 524 casos. No 2017 rexistráronse 537 casos, diminuindo no 2018 ata os 483 e acadando o máximo no 2019 con 541 enfermidades, diminuindo desde entón ata os 527 casos no 2021, polo que nos 5 anos as enfermidades diminúen un 1,86%.
- O grupo con menos casos é o **grupo 3** (axentes biolóxicos) cunha media dun (1) caso. O máximo de comunicacións de enfermidade foi no 2019 con 2 casos e o mínimo no 2020 con cero (0).
- O **grupo 4** (por inhalación) é o segundo grupo por número de casos (unha media de 144) e o primeiro pola súa variación respecto á media. Desde o máximo no 2017 con 173 comunicacións, estas diminuíron ata as 101 no 2020, aumentando no 2021 ata as 128, polo que a diminución das enfermidades nos 5 anos foi do 26,01%.
- As enfermidades da pel do **grupo 5** son o cuarto grupo por número de casos (15) e pola súa varianza. No 2017 houbo 14 comunicacións de enfermidade, manténdose por encima da media nos 3 anos seguintes: 18 no 2018, 17 no 2019 e 20 no 2020, sendo o dato menor os 6 casos do 2021, polo que a diminución das enfermidades desde 2017 foi do 57,14%.
- O **grupo 6** (enfermidades por axentes cancerixenos), rexistrou unha media de 2 casos con valores máximos no 2017 e no 2019 (4 casos), no 2018 e no 2020 (2 casos) e no 2021 ningún (0).



A **construción** é o terceiro sector por número de enfermidades con 105 casos:

- O **grupo 1** (axentes químicos) é o terceiro grupo por media de enfermidades (5) e o segundo polo seu varianza, aumentando desde un (1) caso no 2017 ata 14 no 2019 e manténdose en 3 nos dous últimos anos.
- Como nos outros sectores, o **grupo 2** (axentes físicos) é o de maior número de casos cunha media de 86 e neste sector é o grupo de maior variación respecto á media. Desde os 50 casos no 2017 as enfermidades aumentaron ata as 124 no 2019, sendo 84 casos no 2020 e 90 no 2021 polo que o aumento desde o 2017 foi do 80%.
- O **grupo 3** (axentes biolóxicos) tivo unha media de cero (0) casos cun (1) só caso rexistrado no 2017.
- O segundo grupo por número de casos e terceiro pola súa varianza é o **grupo 4** (por inhalación) cunha media de 10 casos. No 2017 e no 2019 rexistráronse 12 casos, cun máximo de 13 no 2020 e os valores máis baixos foron no 2018 (5) e 6 casos no 2021, polo que as enfermidades neste grupo diminuíron un 50% desde o 2017.
- O **grupo 5** (enfermidades da pel) tivo unha media de 4 casos, o que implica que este grupo é o cuarto por frecuencia de enfermidades e tamén é o cuarto pola súa varianza. Se no 2017 e no 2018 se rexistraron 3 casos, no 2019 e no 2020 foron 6 e 7 casos respectivamente, cun mínimo dun caso (1) no 2021.
- O **grupo 6** (cancerixenos) só rexistrou un (1) caso no 2021, polo que a media dos 5 anos é de cero (0) casos.

O sector **servizos** é o segundo por número de enfermidades comunicadas, cunha media de 592 casos.

- O **grupo 1** (axentes químicos) é o cuarto, tanto polo número de casos como pola variación respecto á media. Os valores anuais estiveron ao redor dos 18 casos, cun valor mínimo de 12 no 2018 e un máximo de 23 no 2021, polo que as enfermidades se incrementaron nun 55,33% desde as 15 do 2017.
- O grupo máis numeroso, con 485 enfermidades comunicadas de media, é o **grupo 2** (axentes físicos) sendo tamén o de maior variabilidade respecto á media. As enfermidades aumentaron desde as 507 no 2017 ata as 583 no 2019, diminuindo ata as 409 no 2021, polo que a diminución dos casos foi do 19,33%.
- O segundo grupo por número de enfermidades comunicadas é o **grupo 3** (axentes biolóxicos) con 38 casos de media, tamén é o segundo en variabilidade. As comunicacións aumentaron desde as 49 no 2017 ata as 63 no 2019, diminuindo ata as 10 no 2021, diminuindo desde o 2017 un 79,59%.
- As enfermidades por inhalación do **grupo 4**, son o quinto grupo de enfermidade por número con 14 casos de media. As comunicacións diminuíron desde as 16 no 2017 ata as 10 no 2019, no 2020 foron 19 e no 2021 alcanzouse o mínimo con 9 casos, polo que a diminución de enfermidades nos 5 anos foi do 43,75%.
- En terceiro lugar por número de casos e variabilidade sitúase o **grupo 5** (enfermidades da pel) con 37 casos de media. Entre 2017 e 2020 o número de casos estivo por encima da media, con valores de 42, 38, 39 e 49 de 50 e 40, diminuindo no 2021 ata os 25 casos. A porcentaxe de diminución das enfermidades nos 5 anos foi do 40,48%.
- A media de enfermidades declaradas no **grupo 6** (cancerixenos) non chegou a un (1) caso de media anual, xa que só se rexistraron 2 casos no 2020 e ningún nos outros anos.

Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027

